



Concello de Outeiro de Rei

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2023/10	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	26 de outubro de 2023
Duración	Desde as 12:23 ata as 13:20 horas
Lugar	Casa Consistorial
Presidida por	JOSÉ PARDO LOMBAO
Secretario	Cristina Castro Fuentes

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
33329791P	Elvira Lombao Vila	SÍ
33331257W	FERMÍN LÓPEZ GONZÁLEZ	SÍ
33817919F	JOSÉ PARDO LOMBAO	SÍ
33834799M	Jesús Fernández García	SÍ
34222169D	José Yebra Amorín	SÍ
33323696P	LUIS ALFONSO TRIGO FERNÁNDEZ	SÍ
47373684D	MIGUEL VIEITO VILLAR	SÍ
36071720S	Maria del Carmen Acacio Lopez	SÍ
33321284B	María Begoña Seco Varela	SÍ
33329706S	María José Martínez Vigo	SÍ





Concello de Outeiro de Rei

33327776V	Pilar Méndez Lombao	SÍ
33544829L	Tania Díaz Seijas	SÍ
33307083R	Xosé Ferreiro Fernández	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior

Favorable **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Os membros do Pleno da Corporación acordan aprobar a acta da sesión plenaria de 8 de setembro de 2023

Expediente 1008/2021. Procedemento Xenérico. Ordenanza aproveitamento especial dominio público local

Favorable **Tipo de votación:** Ordinaria
A favor: 10, En contra: 2, Abstencións: 0, Ausentes: 1

Se copia a proposta:

PROPOSTA AO PLENO DA CORPORACIÓN DE APROBACIÓN INICIAL DE ORDENANZA FISCAL

Unha vez examinada a Ordenanza reguladora do aproveitamento especial do dominio público local, así como os informes que constan no expediente, e dado que o pleno da Corporación ten a facultade de aprobar ordenanzas e regulamentos en materia da súa competencia e que a Ordenanza neste caso cumpre coa legalidade vixente e co seu fin de gravar o aproveitamento especial do dominio público local, polo Pleno do Concello ACÓRDASE:

1º.- Aprobar a imposición da Taxa polo aproveitamento especial do dominio público local por instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos

2º.- Aprobar inicialmente a Ordenanza reguladora da taxa polo aproveitamento especial do dominio público local, por instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos, cuxo exemplar se une a este expediente.

3º.-Abrir un período de INFORMACIÓN PÚBLICA con publicación de edictos





Concello de Outeiro de Rei

no BOP e no taboleiro de anuncios municipal, e dar audiencia aos interesados por prazo de 30 días hábiles a fin de que poidan presentar alegacións e suxestións, que posteriormente deberán ser resoltas polo pleno da Corporación. Acórdase así mesmo que de non producirse tales alegacións e suxestións durante este período de tempo, a Ordenanza quedará aprobada definitivamente de forma automática e procederase á publicación integra da mesma coas tarifas de aplicación no Boletín Oficial da provincia antes ou por todo o día 31 de decembro a fin de que permaneza en vigor no exercicio de 2024.

En Outeiro de Rei, na data indicada na sinatura electrónica

O alcalde

AYUNTAMIENTO DE OUTEIRO DE REI

Provincia de Lugo

ORDENANZA FISCAL NÚM:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DE LA TASA POR EL APROVECHAMIENTO ESPECIAL DEL DOMINIO PÚBLICO LOCAL POR INSTALACIONES DE TRANSPORTE DE ENERGÍA ELÉCTRICA, GAS, AGUA E HIDROCARBUROS.

Preámbulo

A tenor de las facultades normativas otorgadas por los artículos 133.2 y 142 de la Constitución Española y artículo 106 de la Ley 7/1985 reguladora de las Bases de Régimen Local sobre potestad normativa en materia de tributos locales y de conformidad, asimismo, con lo establecido en los artículos 57, 15 y siguientes, del Texto Refundido de la Ley de Haciendas Locales, aprobado por Real Decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, y artículos 20 y siguientes del mismo texto normativo, en especial el artículo 24.1 del propio cuerpo normativo, se regula mediante la presente Ordenanza Fiscal la Tasa por el aprovechamiento especial del dominio público local de las instalaciones de transporte de energía eléctrica, gas, agua, e hidrocarburos conforme al régimen y a las tarifas que se incluyen en la presente ordenanza resultantes de un Informe técnico económico preceptivo cuyo método de cálculo y parámetros previstos en el mismo han sido declarados conforme a derecho por el Tribunal Supremo citándose, al efecto, las sentencias 2708/2016 [Recurso de Casación 1117/2016]; n.º 2726/2016 [Recurso de Casación 436/2016]; n.º 49/2017 [Recurso de Casación 1473/2016], n.º 489/2017 [Recurso de Casación 1238/2016], n.º 292/2019 [Recurso de Casación núm. 1086/2017], n.º 308/19 [Recurso de Casación 1193/2017], n.º 1649/2020 [Recurso de Casación 3508/2019], n.º 1659/2020 [Recurso de Casación 3099/2019], n.º 1783/2020 [Recurso de Casación 3939/2019] y n.º 275/2021 [Recurso de Casación 1986/2019], entre otras, que validan este modelo de Ordenanza y fijan el contenido y exigencias de la misma.





Concello de Outeiro de Rei

ARTICULO 1º.- ÁMBITO DE APLICACIÓN: *Vienen obligados al pago de la tasa que regula la presente ordenanza todas las personas físicas o jurídicas, sociedades civiles, comunidades de Bienes y demás entidades a que se refiere el artículo 35 de la Ley 58/2003, de 17 de diciembre, General Tributaria, que se beneficien de cualquier modo del aprovechamiento especial del dominio público local con las especificaciones y concreciones del mismo que se dirán, o que vengán disfrutando de dichos beneficios.*

La aplicación de la presente ordenanza se refiere al régimen general, que se corresponde con la tasa a satisfacer establecida en el artículo 24.1.a), del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, por el aprovechamiento especial del dominio público local, en las que no concurren las circunstancias de ser empresas suministradoras de servicios de interés general que afecten a la generalidad o a una parte importante del vecindario y que ocupen el suelo, subsuelo o vuelo de las vías públicas municipales, circunstancias previstas para el artículo 24.1.c).

ARTICULO 2º.- HECHO IMPONIBLE: *Constituye el hecho Imponible de la tasa, conforme al artículo 20 del Texto Refundido de la Ley de Haciendas Locales de 5 de marzo de 2004, el aprovechamiento especial del dominio público local en su suelo, subsuelo y vuelo, con:*

- a) ***Instalaciones de transporte de energía con todos sus elementos indispensables que, a los meros efectos enunciativos, se definen como cajas de amarre, torres metálicas, transformadores, instalaciones o líneas propias de transporte o distribución de energía eléctrica, gas, agua u otros suministros energéticos, instalaciones de bombeo y demás elementos análogos que tengan que ver con la energía y que constituyan aprovechamientos del dominio público local no recogidos en este apartado.***
- b) ***Instalaciones de transporte de gas, agua, hidrocarburos y similares.***

*El aprovechamiento especial del dominio público local se producirá siempre que se deban utilizar **instalaciones de las referidas** que materialmente ocupan el dominio público en general.*

*A los efectos de la presente ordenanza se entiende por dominio público local todos los bienes de uso, dominio **público** o servicio público **que se hallen en el término municipal así como los bienes comunales** o pertenecientes al común de vecinos, exceptuándose por ello los denominados bienes patrimoniales.*

ARTÍCULO 3º.- SUJETOS PASIVOS.





Concello de Outeiro de Rei

Son sujetos pasivos de las tasas, en concepto de contribuyentes, las personas físicas y jurídicas así como las entidades a que se refiere el artículo 35.4 de la Ley General Tributaria, Ley 58/2003, que disfruten o aprovechen el dominio público local.

Principalmente, serán sujetos pasivos de esta tasa con las categorías y clases que se dirán, las personas físicas y jurídicas así como las entidades a que se refiere el artículo 35.4 de la Ley General Tributaria, Ley 58/2003, que tengan la condición de empresas o explotadores de los sectores de agua, gas, electricidad, e hidrocarburos, siempre que disfruten o aprovechen especialmente el dominio público local en beneficio particular, conforme a alguno de los supuestos previstos en los artículos 20 y siguientes de la Ley de Haciendas Locales tales como las empresas que producen, transportan, distribuyen, suministran y comercializan energía eléctrica, hidrocarburos (gaseoductos, oleoductos y similares) y agua, así como sus elementos anexos y necesarios para prestar el servicio en este Ayuntamiento o en cualquier otro lugar pero que aprovechan, afectando con sus instalaciones, el dominio público local.

ARTICULO 4º.- BASES, TIPOS Y CUOTAS TRIBUTARIAS. *La regulación de las tasas de la presente ordenanza será la siguiente:*

Constituye la cuota tributaria la contenida en las tarifas que figuran en el anexo, conforme a lo previsto en el artículo 24.1.a) del TRLHL, por el aprovechamiento especial del dominio público local.

El importe de las tasas previstas por dicho aprovechamiento especial del dominio público local se fija tomando como referencia el valor que tendría en el mercado la utilidad derivada de dicha utilización o aprovechamiento, como si los bienes afectados no fuesen de dominio público, adoptados a la vista de un informe técnico-económico en el que se pone de manifiesto el valor de mercado. Dicho informe se incorpora al expediente para la adopción del correspondiente acuerdo, conforme se establece en el artículo 25 del RDL 2/2004 en vigor.

A tal fin y en consonancia con el apartado 1. a) del artículo 24 de la Ley reguladora de las Haciendas Locales, atendiendo a la naturaleza específica del aprovechamiento especial, resultará una cuota tributaria correspondiente para elementos tales como torres, soportes, postes, tuberías, líneas, conductores, repetidores, etc., que se asientan y atraviesan bienes de uso, dominio o servicio público y bienes comunales y que en consecuencia, no teniendo los sujetos pasivos la propiedad sobre los terrenos afectados, merman sin embargo su aprovechamiento común o público y obtienen sobre los mismos un aprovechamiento especial para su propia actividad empresarial.





Concello de Outeiro de Rei

La Cuota Tributaria resultará de calcular, en primer lugar, la Base Imponible que viene dada por el valor total de la ocupación, suelo e instalaciones, dependiendo del tipo de instalación, destino y clase que refleja el estudio, a la que se aplicará el tipo impositivo que recoge el propio estudio en atención a las prescripciones de las normas sobre cesión de bienes de uso y dominio público, de modo que la cuota no resulta de un valor directo de instalaciones y ocupaciones, que es lo que constituye la Base Imponible, sino del resultado de aplicar a ésta el tipo impositivo.

A tal fin, y conforme a la exigencia del Tribunal Supremo en las Sentencias , por todas , la de 3 diciembre de 2020 que motivan esta ordenanza, se establecen en atención a la justificación del Estudio, dos tipos impositivos diferentes en atención a la intensidad del uso del dominio público local:

- a) El 5% en los aprovechamientos especiales de las instalaciones tales como cajas de amarre, líneas subterráneas, torres metálicas, apoyos, transformadores, depósitos u otros elementos similares.*
- b) El 2,5% en el aprovechamiento de los restantes elementos tales como líneas aéreas o cables de transporte de energía.*

En consecuencia, la cuota tributaria de la tasa está contenida en el Anexo de Tarifas correspondiente al Informe Técnico-Económico que forma parte de esta ordenanza en el que con la metodología empleada ha obtenido y recogido la cuota tributaria en cada caso.

ARTÍCULO 5º.- PERIODO IMPOSITIVO Y DEVENGO.

1. El periodo impositivo coincide con el año natural salvo los supuestos de inicio o cese en el aprovechamiento especial del dominio público local, casos en que procederá aplicar el prorrateo trimestral, conforme a las siguientes reglas:

- a) En los supuestos de altas por inicio de uso o aprovechamiento especial, se liquidará la cuota correspondiente a los trimestres que restan para finalizar el ejercicio, incluido el trimestre en que tiene lugar el alta.*
- b) En caso de bajas por cese en la utilización o aprovechamiento especial, se liquidará la cuota que corresponda a los trimestres transcurridos desde el inicio del ejercicio, incluyendo aquel en que se origina el cese.*

2. La obligación de pago de la tasa regulada en esta Ordenanza nace en los momentos siguientes:





Concello de Outeiro de Rei

- a) *Cuando se trata de concesiones o autorizaciones de nuevos aprovechamientos o utilizations del dominio público local, en el momento de solicitar la licencia correspondiente.*
 - b) *Cuando el disfrute del aprovechamiento especial o la utilización del dominio público local a que se refiere el artículo 1 de esta ordenanza no requiera licencia o autorización, desde el momento en que se ha iniciado el citado aprovechamiento o utilización del dominio público local.*
3. *Cuando los aprovechamientos especiales o utilizations del dominio público local se prolonguen durante varios ejercicios, el devengo de la tasa tendrá lugar el 1 de enero de cada año y el período impositivo comprenderá el año natural.*

ARTICULO 6º. NORMAS DE GESTIÓN.

1.- *La tasa se exigirá en régimen de autoliquidación. Alternativamente al régimen de autoliquidación, si así lo desea el sujeto pasivo, podrá presentar declaración en cuanto a los elementos y demás para hallar las cuotas tributarias. En el supuesto de que el sujeto pasivo no presente autoliquidación en el plazo que establece este artículo o, en su caso, no presente declaración, por parte de la Administración se exigirá el pago de la tasa mediante notificación de las cuotas al sujeto pasivo. Las autoliquidaciones presentadas por las empresas obligadas podrán ser objeto de verificación y comprobación por la Administración Municipal, que practicará, en su caso, las liquidaciones complementarias que procedan*

2.- *Las cantidades exigibles con arreglo a las tarifas se liquidarán por cada aprovechamiento solicitado o realizado de la siguiente forma:*

a) *En los supuestos de concesiones de nuevos aprovechamientos, junto con la solicitud de autorización para disfrutar del aprovechamiento especial, se presentará debidamente cumplimentado el impreso de autoliquidación de la tasa o en otro caso se aplicará el párrafo siguiente.*

Alternativamente, si así lo prefiere el sujeto pasivo, pueden presentarse en Secretaría los elementos de la declaración al objeto de que el funcionario municipal competente preste la asistencia necesaria para determinar la deuda. En este supuesto, se expedirá un abonaré al interesado, al objeto de que puede satisfacer la cuota en aquel momento, o en el plazo que proceda, en los lugares de pago indicados en el propio abonaré.

b) *En supuestos de aprovechamientos o utilizations ya existentes o autorizados, el pago de la*





Concello de Outeiro de Rei

tasa se efectuará en el primer trimestre de cada año. Con el fin de facilitar el pago, o en el supuesto de que el sujeto pasivo no aporte datos, una vez transcurrido dicho plazo, el Ayuntamiento llevará a cabo la pertinente liquidación y podrá remitir al domicilio del sujeto pasivo un documento liquidatorio apto para permitir el pago en entidad bancaria colaboradora o en caja municipal.

No obstante, la no recepción del documento de pago citado no invalida la obligación de satisfacer la tasa en el período determinado por el Ayuntamiento reservándose éste el derecho a aplicar los mecanismos de la LGT.

3.- El sujeto pasivo podrá solicitar la domiciliación del pago de la tasa, en cuyo caso se ordenará el cargo en cuenta bancaria durante la última quincena del período de pago voluntario.

En todo lo no previsto en la presente ordenanza relativo a las normas de gestión y recaudación, o que contradiga la Ley General Tributaria, se estará a lo establecido en esa Ley por su carácter general.

ARTÍCULO 7º.- NOTIFICACIONES DE LAS TASAS.

1.- La notificación de la deuda tributaria en supuestos de aprovechamientos o utilidades o que se refiere esta ordenanza se realizará al interesado, en el momento en que se presenta la autoliquidación o en que se lleva a cabo la notificación de la liquidación de la misma, si aquella no se presentara.

No obstante lo previsto en el apartado anterior, si una vez verificada la autoliquidación resultara incorrecta, se practicará liquidación complementaria.

2.- En los supuestos de tasas por aprovechamientos especiales de forma continuada, objeto de esta ordenanza, que tiene carácter periódico, la presentación de autoliquidación o, en caso de prescindir el sujeto pasivo de su presentación, de liquidación, se tendrá por notificado, entendiéndose desde ese momento el alta en el registro de contribuyentes. Caso de optar esta Administración por el mecanismo potestativo de la notificación colectiva, dicha alta le será notificada al sujeto pasivo según el procedimiento legalmente establecido en la Ley General Tributaria. La tasa de ejercicios sucesivos podrá notificarse personalmente al sujeto pasivo, o colectivamente mediante la exposición pública del padrón en el tablón de anuncios del Ayuntamiento, por el período correspondiente que se anunciará en este último caso el Boletín Oficial de la Provincia.

3.- Las personas físicas o jurídicas y demás entidades interesadas en la concesión o





Concello de Outeiro de Rei

autorización de aprovechamientos regulados en esta ordenanza o titulares de concesiones administrativas u otras autorizaciones legales, que no cuenten con la preceptiva, en su caso, licencia municipal, deberán solicitar la misma y cumplir los trámites legales que resulten de aplicación, sin que la falta de la misma les exima del pago de la tasa.

4.- Una vez autorizada la ocupación sobre los bienes a que se refiere esta ordenanza, o establecida la misma, si no se determinó con exactitud la duración de la autorización que conlleve el aprovechamiento, se entenderá prorrogada a efectos de esta ordenanza, hasta que se presente la declaración de baja por los sujetos pasivos y se proceda al cese del aprovechamiento.

5.- La presentación de la baja, con el consiguiente cese en el aprovechamiento, presentado en el Ayuntamiento, surtirá efectos a partir del día primero del periodo natural de tiempo siguiente señalado en los epígrafes de las tarifas. La no presentación de la baja determinará la obligación de continuar abonando la tasa.

En todo lo no previsto en la presente ordenanza relativo a las normas de notificación, o que contradiga la Ley General Tributaria, se estará a lo establecido en esa Ley por su carácter general.

ARTÍCULO 8º.- INFRACCIONES Y SANCIONES

En todo lo relativo al régimen de infracciones y sanciones, se aplicará lo dispuesto en la vigente Ley General Tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL.

La presente Ordenanza en su actual contenido, entrará en vigor el día de su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia, y comenzará a aplicarse a partir del día 1º de enero de 2024 , permaneciendo en vigor para ejercicios sucesivos hasta su modificación o derogación expresa.

Aprobada inicialmente por el Ayuntamiento de Outeiro de Rei en Pleno, en sesión ordinaria de 26 de octubre de 2023

Se elevará a definitiva si no existen alegaciones. En caso contrario deberán resolverse por el Pleno .





Concello de Outeiro de Rei

Visto Bueno,

El Secretario,

El Alcalde,

As (as tarifas constan no borrador da OF no expediente e no Portal de Transparencia pero non se incorporan a acta pola configuración do documento)

P O sr. Alcalde explica que se trata dunha Ordenanza Fiscal elaborada pola Excma Deputación provincial. Que se trata de cantidades pouco significativas.

A A concelleira nacionalista Elvira Lombao comunica que o seu grupo vai votar a favor, pero que conforme a normativa, debería ser publicada en galego. O sr. Alcalde di que lla ten que pedir traducida a Deputación xa que foi este organismo quen a facilitou así.

Si Sometida a votación a proposta copiada neste punto, resulta aprobada por unanimidade.

Expediente 1044/2023. Modificación Ordenanza Fiscal IBI

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 10, En contra: 2, Abstencións: 0, Ausentes: 1

Se copia a proposta:

Expediente 1044/2023

Modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto de Bens Inmóbles (artigo 2)

D. José Pardo Lombao, á vista do informe-proposta obrante no expediente de data 18 de outubro de 2023, PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN QUE APROBE O SEGUINTE ACORDO:

“PRIMEIRO. Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles (artigo 2 do Texto Refundido da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto de Bens Inmóbles aprobada en sesión plenaria do 27 de outubro de 2016 e publicada a aprobación definitiva no BOP do 30 de decembro de 2016 (nº 299), e modificada por acordo do Pleno da Corporación do 28 de decembro de 2017 e publicada a aprobación definitiva no BOP de Lugo o 24 de abril de 2018 (nº 93) nos seguintes termos:

Artigo 2:

Tipo de gravame.

Os tipos de gravame serán os seguintes:

Para bens inmóbles urbáns ou 0,50 por 100.

Para bens inmóbles rústicos ou 0,45 por 100.

Para bens inmóbles de características especiais ou 0,6 por 100.

SEGUNDO. Expoñer ao público o anterior Acordo mediante anuncio que se inserirá no taboleiro de anuncios municipal durante o prazo de trinta días hábiles, a contar desde o seguinte ao de publicación do devandito anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, dentro do cal os interesados poderán examinar o expediente e presentar as alegacións que





Concello de Outeiro de Rei

estimen oportunas.

Así mesmo, estará ao dispor dos interesados na sede electrónica desta entidade www.outeiroderei.gal

TERCEIRO. Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

CUARTO. Facultar á Alcaldía para subscribir os documentos relacionados con este asunto”.

Explica o sr. Alcalde que se dan unhas circunstancias como o aumento do coste dos servizos como SAF ou obras en estradas, que pola irresponsabilidade do goberno de España, soportan unha inflación altísima. Por iso se presenta esta proposta de subida moi moderada. Di que hai que prestar servizos, recadar e non chegan fondos do Estado para axudar a prestalos.

Intervén o concelleiro nacionalista Miguel Vieito. Di que votarían a favor se non fose porque se trata dunha suba xeral igual en todas as parroquias. Alega que esta Ordenanza non reduce a carga impositiva dos veciños que soportan moitos gastos. Di que se trata dunha suba xeral do imposto a todos os veciños e que non entende por qué non se sube o tipo nos de características especiais. Manifesta que nesta concello non se aplican bonificacións como as previstas para “zonas menos desenvolvidas”. Di que eles non estarían en contra si se tratase dunha suba logo dunha planificación integral e analizada pormenorizadamente e non unha suba xeral.

A concelleira socialista Carmen Acacio manifesta a súa conformidade coa suba.

Di que lle sorprende que o alcalde lle bote a culpa ao estado.

Contéstalle o alcalde que non lle bota a culpa a esquerda, senón que fala da realidade e da subida dos prezos. Di que tan so hai que mirar o aumento dos prezos dos servizos e que a realidade é que non se levou a cabo por parte do goberno central ningún reparto equitativo do diñeiro das axudas.

O sr. Alcalde alega que no Concello de Lugo o tipo de gravamen do IBI ascende a 6.5 por cen.

E que non todos os cidadáns pagan o mesmo xa que iso depende dos valores catastrais e se hai exencións fiscais determinadas situación. Di o alcalde que en ningún caso a subida dos prezos alcanza un 2.5%, pero o IBI deste concello non aumentou en anos.

Sométese a votación o asunto do Orde do Día resultando aprobado por 10 votos a favor (9 do PP e 1 do PSOE) e 2 votos en contra (do BNG).

Expediente 561/2023. Dación de conta de Auto 561/2023 recaído en Interposición de Recurso Administrativo contra Concello de Outeiro de Rei





Concello de Outeiro de Rei

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Dase conta do Auto nº 63/2023 ditado en Lugo (Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1) de 12 de xuño de 2023, que na súa parte dispositiva di:
Que debo DECLARAR y DECLARO INADMISIBLE, por causa de extemporaneidad, el recurso contencioso-administrativo interpuesto por la representación procesal de D. XOSÉ FERREIRO FERNÁNDEZ frente al EXCMO. CONCELLO DE OUTEIRO DE REI, con intervención del MINISTERIO FISCAL, seguido como PROCESO ABREVIADO número 138/2023 ante este Juzgado. Las costas procesales –hasta la cifra máxima de trescientos euros más impuestos en concepto de honorarios de Letrado- se imponen a la parte actora.

Expediente 1050/2023. Modificación de Créditos

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 9, En contra: 3, Abstencións: 1, Ausentes: 0

Dase conta da proposta de alcaldía, que se copia:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA SUPLEMENTO DE CRÉDITO 01/2023.

Tendo en conta o disposto no art. 177 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Considerando que en desenvolvemento e execución do Orzamento para o exercicio 2023 apreciouse a insuficiencia do crédito previsto en diversas aplicacións orzamentarias do estado de gastos.

Vistos os Informes de Intervención, esta Alcaldía propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo, previo ditamen da Comisión Informativa:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito do Orzamento da Corporación para o ano 2023 mediante suplemento de crédito financiado con Remanente Líquido de Tesourería por importe total de 272.452,92 euros, dacordo co seguinte detalle:

GASTOS.-

PROGRAMA	ECONOMICA	IMPORTE
151 (URBANISMO)	216-EQUIPOS PARA PROCESO INFORMACIÓN	111,84
	22799-OTROS TRABAJOS REALIZADOS POR EMP. Y PROF.	4.961,00
	619-OTRAS INVERSIONES DE REPOSIC. INF Y BIENES USO GRAL.	6.292,00
	623-INVERS. MAQUINARIA, INSTALACIONES TÉCNICAS Y UTILLAJE	7.047,04
TOTAL 151		18.411,88
160 (ALCANTARILLADO)	213-MAQUINARIA, INST. TÉCNICAS Y UTILLAJE	65,34
	22799-OTROS TRABAJOS REALIZADOS POR EMP. Y PROF.	798,60
	629-OTRAS INVERSIONES ASOC. FUNC. DE LOS SERVICIOS	3.861,80





Concello de Outeiro de Rei

TOTAL 160		4.725,74
161(ABASTEC. AGUA)	213-MAQUINARIA, INST. TÉCNICAS Y UTILLAJE	1.134,55
TOTAL 161		1.134,55
1621(RECOGIDA RESIDUOS)	22799-OTROS TRABAJOS REALIZADOS POR EMP. Y PROF.	14.671,14
TOTAL 1621		14.671,14
165 (ALUMBRADO PÚBLICO)	213-MAQUINARIA, INST. TÉCNICAS Y UTILLAJE	8.479,68
	22100-SUMINISTRO ENERGÍA ELÉCTRICA	16.764,72
TOTAL 165		25.244,40
171 (PARQUES Y JARDINES)	213-MAQUINARIA, INST. TÉCNICAS Y UTILLAJE	44,77
TOTAL 171		44,77
172 (PROT.Y MEJORA MED. AMBIENTE)	22799-OTROS TRABAJOS REALIZADOS POR EMP. Y PROF.	67.871,03
TOTAL 172		67.871,03
231 (ASIST. SOCIAL PRIMARIA)	22199-OTROS SUMINISTROS	1.905,75
TOTAL 231		1.905,75
311 (PROTEC. SALUBRIDAD PUBLICA)	22799-OTROS TRABAJOS REALIZADOS POR EMP. Y PROF.	1.724,25
TOTAL 311		1.724,25
312 (CENTROS DE SALUD)	213-MAQUINARIA, INST. TÉCNICAS Y UTILLAJE	165,59
	22602-PUBLICIDAD Y PROPAGANDA	60,50
	22799-OTROS TRABAJOS REALIZADOS POR EMP. Y PROF.	210,44
TOTAL 312		436,53
323 (CENTROS DOCENTES)	213-MAQUINARIA, INST. TÉCNICAS Y UTILLAJE	276,36
TOTAL 323		276,36
326 (SERV. COMPLEM. EDUCACIÓN)	215-MOBILIARIO	147,62
	22799-OTROS TRABAJOS REALIZADOS POR EMP. Y PROF.	18.043,83
TOTAL 326		18.191,45
334 (PROMOCIÓN CULTURAL)	212-REPARAC. ARRENDAM. Y CONSERVACIÓN EDIFICIOS	1.197,38
	215-MOBILIARIO	48,40
	216-EQUIPOS PARA PROCESO INFORMACIÓN	83,79
	22105-PRODUCTOS ALIMENT.	2.135,00
	22199-OTROS SUMINISTROS	681,32
	223-TRANSPORTES	1.650,00
	22602-PUBLICIDAD Y PROPAGANDA	1.925,11
		2.138,58
TOTAL 334		9.859,58
338 (FIESTAS POPULARES)	203-ARRENDAM. MAQUIN. INSTALACIONES Y UTILLAJE	665,50





Concello de Outeiro de Rei

	22105-PRODUCTOS ALIMENT.	466,74
	22799-OTROS TRABAJOS REALIZADOS POR EMP. Y PROF.	121,00
TOTAL 338		1.253,24
341 (PROMOCIÓN Y FOMENTO DEPORTE)	205-ARRENDAM. MOBILIARIO	133,10
	212-REPARAC. ARRENDAM. Y CONSERVACIÓN EDIFICIOS	4.056,86
	213-MAQUINARIA, INST. TÉCNICAS Y UTILLAJE	5.682,64
	22105-PRODUCTOS ALIMENT.	736,56
	22106-PRODUCTOS FARMACÉUTICOS Y MATERIAL SANITARIO	172,18
	22199-OTROS SUMINISTROS	1.691,29
	223-TRANSPORTES	2.002,00
	22602-PUBLICIDAD Y PROPAGANDA	1.633,50
	22699-OTROS GASTOS DIVERSOS	78,65
	22799-OTROS TRABAJOS REALIZADOS POR EMP. Y PROF.	14.975,92
TOTAL 341		31.162,70
433(DESARROLLO EMPRESARIAL)	213-MAQUINARIA, INST. TÉCNICAS Y UTILLAJE	1.694,00
	22200-TELECOMUNICACIONES	94,38
	22602-PUBLICIDAD Y PROPAGANDA	484,00
	48-TRANSFERENCIAS ENT. SIN ÁNIMO DE LUCRO	4.500,00
TOTAL 433		6.772,38
453 (CARRETERAS)	203-ARRENDAM. MAQUIN. INSTALACIONES Y UTILLAJE	883,91
	210-REPARACIONES, MANTENIM Y CONSERVACIÓN INFRAEST.	8.418,77
	213-MAQUINARIA, INST. TÉCNICAS Y UTILLAJE	2.849,91
	22103-COMBUSTIBLES Y CARBURANTES	2.697,60
	22199-OTROS SUMINISTROS	630,60
	224-PRIMAS DE SEGUROS	110,79
	22799-OTROS TRABAJOS REALIZADOS POR EMP. Y PROF.	5.038,83
	619-OTRAS INVERSIONES DE REPOSIC. INF Y BIENES USO GRAL.	1.621,40
TOTAL 453		22.251,81
920 (ADMINISTRACIÓN GENERAL)	203-ARRENDAM. MAQUIN. INSTALACIONES Y UTILLAJE	60,50
	216-REPARACIONES, MANTENIM. Y CONSERVAC. EQUIPOS	268,85
	22000-MATERIAL DE OFICINA	85,20
	22001-PRENSA, REVISTAS, LIBROS	624,00
	22105-PRODUCTOS ALIMENT.	330,13
	22199-OTROS SUMINISTROS	159,01





Concello de Outeiro de Rei

	22200-TELECOMUNICACIONES	372,73
	22602-PUBLICIDAD Y PROPAGANDA	1.592,38
	22604-JURÍDICOS, CONTENCIOSOS	1.210,00
	22799-OTROS TRABAJOS REALIZADOS POR EMP. Y PROF.	3.875,41
	626-EQUIPOS PROCESO INFORMAC.	8.712,00
TOTAL 920		17.290,21
932 (GESTIÓN DEL SISTEMA TRIBUTARIO)	22708-SERV. RECAUDACIÓN	29.225,15
TOTAL 932		29.225,15
IMPORTE TOTAL		272.452,92

INGRESOS.-

CONCEPTO	IMPORTE	FONTE DE FINANCIAMIENTO
870.00	272.452,92	REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA GASTOS XERAIS

SEGUNDO: Expoñer ao público o acordo de aprobación inicial mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia polo prazo de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán presentar as reclamacións que estimen convenientes ante o Pleno. Estas reclamacións serán resoltas polo Pleno no prazo dun mes. No caso de non se presentaren reclamacións durante o período de exposición pública, considerarase definitivamente aprobado o citado expediente, entrando en vigor una vez cumprido o disposto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais”.

Entra a Interventora. Explica o sr. Alcalde que a pesar de ter pagado todo o adeudado, o superávit do concello é de mais de 280.000€, o que di que temos unha situación económica aceptable.

O concelleiro Miguel Vieito do BNG aféalle ao alcalde que no punto anterior dixera que él tiña unha casa en Francos, porque non sabe qué insinúa con iso, e usa polo tanto técnicas de matón de discoteca. Dille o sr. Alcalde que non lle permite os insultos e que él fai a política que quere

O concelleiro Miguel Vieito dille o sr. Alcalde que aceptar esta proposta supón negar unha correcta planificación financeira do concello. Di que hai un mes trouxo o Orzamento de 2023 e alegaba que se trata dun orzamento real e que, un mes mais tarde, xa o ten que modificar. Pregunta o concelleiro nacionalista que por qué estes gastos non estaban previstos nas contas

Entra na sesión o concelleiro nacionalista Xosé Ferreiro.

Continúa o concelleiro Miguel Vieito a súa intervención e alude a que parece que se están facendo malabarismos orzamentarios. Le trozos do informe que acompaña o expediente. Dille o sr. Alcalde que parece o concello un barco á deriva.

Cuestiona o sr. Alcalde esas tácticas de matón de discoteca que usou o concelleiro nacionalista Miguel Vieito para referirse a él argumentando que respetou a súa intervención sen interrupción de ningún tipo, pero entende que o problema que ve o concelleiro Miguel Vieito é que o alcalde di o que quere decir, non o que dende o BNG queren escoitar. Explica o sr. Alcalde que nun debate, baixar a intensidade so é posible se é intereses dos dous que debaten.





Concello de Outeiro de Rei

Argumenta o sr. Alcalde, con respecto á proposta do Orde do día, que o orzamento sí é riguroso, pero que ten que traerse esta modificación porque o Remanente de Resourería non se pode meter no Orzamento, por iso, para poder usalo, hai que incorporalo, doutra forma se aforra, o que ó seu xuízo non é unha boa xestión.

Di o sr. Alcalde que a situación do Concello de Outeiro de Rei é aceptable, á vista dos servizos que se prestan e os impostos que se cobran.

Sométese a votación a proposta, resultando aprobada por 9 votos a favor do PP, 3 en contra so BNG e 1 abstención do PSOE.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Rogos e preguntas.

Presentada como moción de urxencia o asunto “relativo ao arranxo urxente das humidades existentes nos despachos de atención primaria no Centro de Sañude de Outeiro de Rei, explícalle o alcalde aos concelleiros nacionalistas que se trata dun rogo e solicita da secretaría que se de lectura á parte dispostiva. Se copia o texto:

A semana pasada observamos con asombro que a parede dun dos despachos das médicas de familia do centro de Sañude de Outeiro tiña a parede chea de humidades, cuestión que nos chocou porque xa o ano pasado observáramos a mesma situación, crendo naquel momento que sería un problema puntual e que se solucionaría de forma inmediata e urxente. Dado que se viu que a situación persistía e despois de facer as indagacións oportunas no centro, vimos que non era unha situación puntual, senón que concretamente ese despacho (e descoñecemos se hai outros afectados) levaban cunha parede chea de humidades dende había máis de cinco anos, sen que en ningún momento se fixera nada para arranxalas. Hai que ter en conta que é unha parede completa, a que dá ao exterior, e que esas humidades son unha fonte de fungos que son prexudiciais para a saúde, o que afecta dun xeito moi importante tanto ás profesionais que teñen que estar nese ambiente moitas horas cada día como ás propias persoas enfermas, as cales moitas delas van á consulta con problemas respiratorios, de alerxias, inmunodepresión ou calquera outro tipo de patoloxía, para as cales ese ambiente pode ser moi prexudicial. Todo iso fai que ese local, se non se lle dá unha solución, non sexa un local apto para traballar en calquera actividade, pero moito máis cando se trata dunha consulta médica. Sería inimaxinable que iso ocorrera nunha consulta do HULA, nunha oficina do Edificio Administrativo da Xunta ou, vindo a Outeiro, que pasase no despacho do Alcalde, no Salón de Plenos ou en calquera outra instancia pública. Moito máis intolerable é que iso ocorra nun despacho ao que acoden multitude de persoas enfermas todos os días, tanto por hixiene e saúde como pola propia imaxe que emanamos. Ademais diso, en repetidas ocasións, anos tras ano dende hai máis de cinco anos, o Alcalde se comprometeuse a solucionalo. Ata o propio Conselleiro de Sanidade cando visitou o centro foi informado da situación. Non só non se fixo nada, senón que o problema das





Concello de Outeiro de Rei

humidades segue a ser aínda máis grave. Outra cuestión, e non menos grave, é que a propia Xefa Territorial de Sanidade sexa tamén a Tenente de Alcalde de Outeiro e nunca, en ningún momento, fíxese nada por arranxar a situación. Mal poderá velar pola saúde da cidadanía se nin sequera é capaz de ter os despachos de medicina de familia do seu concello nunhas condicións dignas para traballar e para atender ás persoas enfermas. A pesares de que hai previstas obras nese centro de saúde, estas vanse demorar cando menos varios meses, senón anos, polo que a solución a este problema non pode esperar nin un día máis. Por todo isto, e dende unha total responsabilidade, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Outeiro de Rei somete a debate e aprobación polo Pleno deste concello esta MOCIÓN, propoñendo a adopción do seguinte ACORDO: Que dunha forma urxente e sen dilación, se proceda a arranxar as humidades existentes nos despachos de atención ao público no centro de Saúde de Outeiro de Rei, tanto a parte que sexa responsabilidade do Concello como a que puidese ser da Consellería de Sanidade, instándoa tal efecto, se fose necesario, para que actúe con urxencia.

Así, tratado como rogo, explica o sr. Alcalde que se están levando a cabo reparación puntuais pero está pendente de executar un proxecto e por iso non pode levarse a cabo aínda a reparación integral.

O concelleiro nacionalista Xosé Ferreiro pide a palabra e di que van mais de 5 anos con esta problemática. Di que o ambiente desa parede é mal sano para os enfermos e para os médicos. Di o alcalde que sabe que se vai executar o proxecto para unha rehabilitación profunda

.- Pregunta do grupo municipal do BNG relativa á situación urbanística da parcela mercada polo C.D. Lugo para a súa cidade deportiva

Dase lectura a pregunta presentada polo BNG

Cal é a parcela mercada, e cal é a súa cualificación urbanística? - É a construción dos campos de fútbol respectuosa coa normativa urbanística do Concello? - Cales son os pasos que o Concello dará para asumir este notábel incremento no consumo de auga do Concello (visto que o incremento duns centos de habitantes provoca, hoxe en día, graves perturbacións no subministro de auga, en verbas do propio Alcalde)?

O alcalde contesta que descoñece cal é a parcela mercada e que non sabe si é compatible co planeamento ou non porque non ten coñecemento de ningún proxecto sobre este rema. Respecto do incremento de consumo de auga, di o alcalde que en 18 pasou de 4000 habitantes a 5300 habitantes. Di que non entende que algún concelleiro veña de fora a vivir aquí e se poña a criticar o concello.

Pregunta do grupo municipal do BNG referida á conexión das vivendas da Palloza

A situación da urbanización da Palloza xa é un tema reiterativo e sobre a cal dende o BNG levamos reclamando unha solución dende hai anos. A súa situación non só non mellorou, senón que incluso non fixo máis que empeorar nos últimos tempos. Os cables que van dende o contador de obra ás casas están caídos e nalgúns puntos están a saltar chispas, non facéndose nada por arranxar o problema. Nas últimas horas, incluso están a sufrir cortes de electricidade debido aos problemas antes descritos. Ademais de todo iso, hai que ter en conta que nesa urbanización viven persoas enfermas, que





Concello de Outeiro de Rei

necesitan estar conectadas a aparatos eléctricos, correndo un serio risco con esa situación. O Alcalde manifestou cando se instalou o novo transformador para o Circuito de Velocidade se ía dar servizo tamén ás vivendas da urbanización. A día de hoxe manifestan que aínda están esperando. É por iso, que dende o Grupo Municipal do BNG facemos ante o Pleno a seguinte pregunta: PREGUNTAS: Cando se van conectar as vivendas da urbanización da Palloza ao transformador do Circuito de Velocidade?.

Contesta o sr. Alcalde que o transformador instalado é para as vivendas das zonas e do circuito e, para as vivendas da Palloza cando se poidan conectar.

Di o sr. Alcalde que este problema da Palloza vaise resolver cando se poida.

.- Pregunta do BNG referida aos cortes de subministro de auga nalgunhas parroquias.

Dase lectura á pregunta do BNG, que copiada di:

No pasado venres e sábado, varias das Parroquias do Concello tiveron corte de subministro de auga por tempos que chegaron mesmo a 24 horas nalgún caso. É por iso, que dende o Grupo Municipal do BNG facemos ante o Pleno as seguintes preguntas: PREGUNTAS: - Cal foi o motivo destes cortes? - Por que se ten producido o segundo corte de subministro de auga en parroquias deste Concello en menos de dous meses, sen aviso á cidadanía?

Í

Explica o sr. Alcalde que houbo unhas averías na planta por unha avería na rede e iso é o que aconteceu. Di o alcalde que se quere desculpar cos veciños, que se está intentando mellorar a rede.

-Pregunta do BNG referida á Lei de protección das persoas informantes de actuación corruptas.

Dase lectura á pregunta do BNG, que se copia:

O día 13 de marzo de 2023 entra en vigor a Lei 2/2023, de 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción. Esta norma obriga ás Entidades Públicas a contar cunha canle anónima (con protección integral da persoa informante) de posta en coñecemento de infraccións do Ordenamento Xurídico, así como a se dotar a si propia dunha persoa responsábel do sistema interno de notificacións; tanto para a cidadanía coma para o seu propio persoal. Malia que a Directiva europea de creación desta figura permitía eximir a Entidades de menos de 10.000 habitantes, a norma española dispón: “En consecuencia, atendendo a la necesidad de ofrecer un marco común y general de protección de los informantes, de no facilitar resquicios que puedan dañar gravemente el interés general, se extiende a todos los municipios la obligación de contar con un Sistema interno de información” Esta canle de denuncias (que non é un buzón de suxerencias e queixas) debe estar en vigor para Outeiro de Rei en data de 1 de decembro de 2023 (Disposición Transitoria Segunda, segundo inciso) , baixo sancións, que poden chegar aos 300.000€ en caso de non o poñer en marcha ou facelo de xeito deficitario. É por iso, que dende o Grupo Municipal do BNG facemos ante o Pleno as seguintes preguntas: PREGUNTAS: - Cal é o estado de implementación en





Concello de Outeiro de Rei

Outeiro de Rei desta medida? - Estará posta en marcha no prazo legalmente exixido ao efecto? - De que forma se prestará o servizo e cal é a identidade da persoa responsábel do sistema interno de notificacións?

Explica o sr. Alcalde que lle sorprende que dende a administración local haxa que controlar os delitos cando dende o propio goberno central rebaixanse os delitos de corrupción. Di que espera que se poida implementar e que se están tomando medidas para isto

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

